

# **ESTATUTOS DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

## **TÍTULO PRIMEIRO: DOS FINS**

### **Artigo 1.- NATUREZA**

1. A delegación de alumnos da Facultade de Bioloxía é un órgano colexiado dos representantes estudiantís, expresión da vontade libre e democrática do alumnado da Universidade.
2. É o órgano encargado da coordinación das iniciativas encamiñadas á defensa dos dereitos dos alumnos da Facultade, sen ningún tipo de discriminación.
3. Cooperará co resto dos membros da Comunidade Universitaria na consecución dos fins da Universidade.
4. Promoverá e impulsará todo tipo de actividades que impliquen unha mellora e ampliación na formación humanística, científica e cultural dos estudantes, así como a participación do alumnado na xestión universitaria.

### **Artigo 2. – FINS**

Son fins da Delegación de Alumnos:

1. Representar a tódolos alumnos da Facultade de Bioloxía.
2. Recadar e facilitar información ós estudantes que o soliciten acerca de calquera cuestión académica ou universitaria de interese.
3. Realizar calquera proxecto que resulte interesante para os estudantes da Facultade de Bioloxía.
4. Impulsa-lo desenvolvemento de asociacións e organizacións estudiantís universitarias no seno da Facultade.
5. Cooperar e coordinarse cos representantes estudiantís de distintos centros.
6. Programar e executar plans de actividades.
7. Promove-lo uso e ensinanza do galego.
8. Tratar de solucionar tódalas irregularidades que cheguen ó coñecemento nos ámbitos en que transcorre a súa actuación.
9. Calquera outra cuestión que lle sexa encomendada pola Asemblea de Alumnos da Delegación de Bioloxía.

## **TÍTULO SEGUNDO: DOS ALUMNOS MEMBROS DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DA FACULTADE DE BIOLOXÍA .**

### **Artigo 3.-**

1. Son membros da Delegación de Alumnos:

Todos aqueles alumnos que pertencen ó Primeiro ou Segundo Ciclo de dita titulación e poderán formar parte do Consello Directivo aqueles que se encontren dentro de algún dos seguintes casos, e acepten os presentes estatutos:

- a) Representantes dos alumnos no Claustro Universitario
- b) Representantes dos alumnos membros da Xunta de Facultade
- c) Representantes dos alumnos nos Consellos de Departamento
- d) Os estudantes que, elixidos polos seus compañeiros, exerzan outras funcións representativas, como poden ser os delegados de clase ou grupo.

2. Perderase a condición de membro do Consello Directivo:

- a) Cando se deixen de cumprir as condicións mencionadas no apartado 1 do presente artigo.
- b) Por renuncia expresa do interesado.
- c) Os alumnos que disfruten dunha beca de intercambio entre centros, mentres gocen de dita beca.
- d) No caso de que un dos membros da Delegación non pertencente ós órganos de goberno non cumpra as funcións acordadas, o resto dos membros da delegación poderán convocar unha reunión extraordinaria co obxecto de levar a votación a súa permanencia. A decisión deberá ser avalada pola maioría absoluta dos membros pertencentes a algunha función representativa na Facultade.

### **Artigo 4.-**

Son dereitos dos membros do Consello Directivo:

1. Expresar con liberdade as manifestacións efectuadas no exercicio da súa función, sen que elo lles poda ocasionar prexuízo algún.
2. Asistir con voz e voto a Asemblea e demais reunións propostas pola Delegación.
3. Elixir e ser electos para os órganos e cargos da Delegación.
4. Acceder a calquera documentación da Delegación.
5. Calquera outro que sexa conferido pola Delegación de alumnos e aprobada pola Asemblea.

### **Artigo 5.-**

Son deberes dos membros do Consello Directivo:

1. Participar activamente en tódalas actividades e tarefas da Delegación de acordo cas funcións a cada un encomendadas.
2. Asistir e participar nas Asembleas e aqueles actos que estimen oportunos.
3. Acatar e respectar os acordos e decisións que adopte a Delegación
4. Informar puntualmente ós colectivos representados de tódolos asuntos que incumban ou sexan do seu interese.
5. Participar nas distintas comisións de traballo que se creen.
6. Manter un estreito contacto cos seus representados a fin de non abstraerse da realidade e dos problemas cotidianos que afecten a todos e cada un dos estudantes.

### **TÍTULO TERCEIRO: DOS ÓRGANOS DA DELEGACIÓN**

**Artigo 6.-**

1. Son órganos colexiados da Delegación de Alumnos
  - a) A Asemblea
  - b) Consello Directivo
  - c) Comisións específicas nomeadas pola Asemblea
2. Son órganos unipersoais :
  - a) Presidente
  - b) Vicepresidente
  - c) Secretario
  - d) Tesoureiro

Tódolos órganos da Delegación serán elixidos por un período de dous anos, coincidindo coa renovación da representación de alumnos nos órganos de goberno, non podendo transcorrer máis de tres meses entre cada elección dos representantes e da Asemblea para renovar os órganos da Delegación.

### **SECCIÓN PRIMEIRA: DA ASAMBLEA**

**Artigo 7.- NATUREZA**

A Asemblea é o máximo órgano de decisión da delegación de Alumnos de Bioloxía

**Artigo 8.- FUNCIONES**

- 1.- Son funcións da Asemblea de Alumnos:
  - a) Determina-las liñas xerais da actuación da Delegación de Alumnos e aproba-lo programa de traballo anual proposto polo Consello Directivo.

- b) Aproba-la memoria anual e a súa memoria explicativa, presentada polo Consello.
- c) Aproba-la xestión e o plan anual de traballo.
- d) Aproba-las propostas de modificación do Regulamento.
- e) Decidir sobre as mocións de censura que se presenten.
- f) A Asemblea pode designar figuras específicas para tarefas como: informática, comunicación, loxística e outras que se crean oportunas, que non terán dereito a pertencer ó Consello.

### **Artigo 9.- CONVOCATORIAS**

- 1. As convocatorias da Asemblea poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
- 2. A Asemblea reunirase con carácter ordinario, como mínimo unha vez cada cuadrimestre lectivo, nunca durante o período de exames.
- 3. A Asemblea reunirase con carácter extraordinario, por aprobación do Consello Directivo, ou por petición dun 20% dos membros da Asemblea.

### **Artigo 10.-**

1.- Toda convocatoria de sesión da Asemblea seguirá as seguintes especificacións:

- a) Establécese o quórum para abrir a sesión da Xunta ordinaria na primeira convocatoria nun tercio dos seus membros e nos que estean presentes estando todo o Consello na segunda convocatoria, se non houberse quórum en primeira.
- b) A Asemblea considerarase convocada en sesión ordinaria mediante a publicación no taboleiro de anuncios da Delegación de Alumnos da fecha, hora e lugar de celebración da mesma, ao menos tres días lectivos antes da mesma. Dita convocatoria deberá incluír, ó menos, a Orde do Día, preacta da Asemblea anterior e toda a documentación necesaria para os puntos mencionados na Orde do Día.
- c) Establécese o quórum da convocatoria extraordinaria ó igual que na ordinaria (Artigo 10.a)
- d) A convocatoria de Xunta extraordinaria deberase convocar e publicar no taboleiro de anuncios de Delegación de Alumnos cun día ó menos de antelación na época lectiva e con dous / tres días na época non lectiva. Intentarase avisar persoal ou por e-mail a tódolos integrantes da Asemblea, que con anterioridade se inscribieran no local da Delegación de Alumnos.
- e) A Orde do Día será fixada polo Secretario xunto co Presidente.
- f) As peticións dun 20% dos membros, con dereito a voto, da Asemblea será engadida na Orde do Día como puntos propostos por estes, sempre con anterioridade suficiente para

que sexan incluídos na Orde do Día correspondente. Os solicitantes serán os encargados de proporcionar ós membros do Consello, a documentación necesaria.

### **Artigo 11.-**

1. As sesións e toma de acordos deberán axustarse ás seguintes normas:
  - a) As votacións realizaranse a man alzada, salvo cando afecten a algún membro da Asemblea de forma individualizada, en tal caso realizaranse mediante voto secreto.
  - b) Os acordos adoptaranse polo voto favorable de máis da metade máis un dos validamente emitidos. No caso de producirse un empate nunha votación, repetirase a votación tras un novo turno de debate. De repetirse o empate será preciso repeti-lo debate e votación nunha nova convocatoria.
  - c) Os primeiros puntos da Orde do Día serán sempre os correspondentes a aqueles temas que haxa que someter a decisión ou consulta da Asemblea, ós cales solo se poderá antepoñer a aprobación de actas das sesións anteriores e a exposición dos informes relacionados con algunha das decisións a tomar. E non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na Orde do Día, salvo que estean presentes todos os membros da Asemblea ou que sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
  - d) O voto será un por cada membro da Asemblea.

### **Artigo 12.- A MESA DA ASAMBLEA**

1. A Mesa da Asemblea estará formada por un Presidente, un/a Vicepresidente, un Secretario e un tesoureiro.
2. Serán elixidos na primeira sesión da Asemblea, tralas eleccións, ós órganos de goberno e ostentarán o cargo durante dous anos salvo moción de censura, dimisión ou eleccións anticipadas ós mesmos. As candidaturas presentaranse ó Consello Directivo, que procederá a expoñelas para que, no caso de que haxa máis dunha, se poidan elixir. Son válidos os votos delegados con autorización asinada. Resultará escollida aquela lista que obteña maior número de votos.
3. Perderase a condición de membros da Asemblea:
  - a) Por perder a condición de membros de Delegación
  - b) Por dimisión
  - c) Por moción de censura

A moción de censura terá carácter construtivo, debendo presentar un candidato alternativo, e será necesario que esta obteña a maioría absoluta na primeira votación e maioría simple do total de presentes na segunda.

No caso de vacante provisional, o Consello Directivo propoñerá un substituto para esa Asemblea.

4. O presidente moderará os debates de acordo co establecido no presente Estatuto ou normas de rango superior.
5. O secretario levantará acta das sesións. Que firmará co visto bo do Presidente/a e se aprobarán na seguinte sesión.
6. Se se toma o acordo de formar unha comisión ou comisións, tamén deberá constar en acta quén a forma, quén é o seu presidente, cómo se elixiron os seus membros e cales son as súas competencias e regulamento de funcionamento.

## **SECCIÓN SEGUNDA: DAS COMISIÓNS ESPECÍFICAS DA ASAMBLEA**

### **Artigo 13.-**

A Asemblea creará e disolverá as Comisións de traballo que considere oportunas. As súas actividades poderán ser de iniciativa propia ou en colaboración con organismos, pero sempre referendadas pola Asemblea.

### **Artigo 14.-**

As comisións estarán formadas mantendo a representatividade da Asemblea, sendo o Presidente/a e o Secretario/a de Delegación membros das mesmas.

### **Artigo 15.-**

As comisións realizarán calquera informe que lles sexa solicitado polo Consello Directivo sobre o tema que motivase a súa constitución.

## **SECCIÓN TERCEIRA: DO CONSELLO DIRECTIVO**

### **Artigo 16.-**

- 1- O Consello Directivo estará formada como mínimo por seis membros, entre os que estarán un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, e un mínimo de tres membros máis da Asemblea.
- 2- Son funcións do Consello Directivo:
  - a) Coordinar o funcionamento da delegación.

- b) A elaboración anual do plan de traballo e o presuposto para a súa posterior aprobación pola Asemblea.
- c) Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea.
- d) Todos aqueles que lle encomende a Asemblea.

3- **Membros:**

Son membros natos o Presidente/a, o Vicepresidente/a e o Secretario/a; e son membros electos aqueles elixidos pola Asemblea, por votación individual para cada cargo, e entre os membros de Delegación de Alumnos.

4- **Funcionamento:**

As reunións do Consello Directivo serán convocadas polo Presidente ou a metade máis un dos seus membros.

A Orde do día será fixado polo Presidente ou Convocantes.

Reunirase como mínimo con carácter ordinario cada mes con excepción de épocas de exames e vacacións de verán.

5- **Son deberes dos membros do Consello Directivo:**

- a) Render contas en cada Asemblea e informar.
- b) Realizar as funcións encomendadas no presente Estatuto, pola Asemblea e polo Presidente.

**Artigo 17.- DO PRESIDENTE**

Son funcións do Presidente/a de Delegación:

- a) Asegurar o cumprimento dos Estatutos de Delegación
- b) Dirixir a execución do Plan de Traballo Anual
- c) Representar a Delegación cando tal función non a exerza coordinadamente o Consello Directivo.
- d) Actuar de portavoz da Delegación de Alumnos

**Artigo 18.- DO VICEPRESIDENTE**

Son funcións do Vicepresidente/a da Delegación:

- a) Exercer as labores do presidente no caso de que este non poida levalas a cabo ou así llo encomende.
- b) Apoiar nas funcións do Presidente e o Secretario da Delegación.

### **Artigo 19.- DO SECRETARIO**

- 1.- Son funcións do Secretario/a, levantar actas de cada sesión que conterá como mínimo, as circunstancias do tempo e lugar en que se celebrou, o número de asistentes, os puntos principais de deliberación, a forma e resultado da votación e o contido dos acordos, así como firmar co visto bo do Presidente/a, sendo aprobada na seguinte sesión.
- 2.- Calquera membro do Consello Directivo poderá actuar como Secretario técnico en ausencia de este, a proposta do Presidente.
- 3.- Levar a correspondencia.
- 4.- Dar fe dos acordos.
- 5.- Levar os libros de entradas e saídas do material da Delegación de Alumnos.
- 6.- Custodiar o arquivo e documentación.

### **Artigo 20.- DO TESOREIRO**

- 1.- Levar as contas da Delegación
- 2.- A realización de cantas actividades sexan necesarias para lograr unha eficiente administración dos recursos asignados
- 3.- Presentar ante o Negociado de Asuntos Económicos da Facultade de Bioloxía a xestión do ano da Delegación.
- 4.- Supervisar as infraestructuras e os gastos internos da Delegación de Alumnos.

## **SECCIÓN CUARTA: DAS COMISIÓNS DE TRABALLO**

### **Artigo 21.-**

- 1.- A Asemblea creará e disolverá as Comisións de Traballo, e as regularán, aprobando os regulamentos necesarios para o seu bo funcionamento, preservando sempre que estas non entren en contradicción cos presentes estatutos.
- 2.- As Comisións de Traballo estarán formadas por calquera alumno da Delegación e/ou membro das asociacións ou colectivos que o desexen aportando un certificado da asociación que acredite a esa e outras persoas para falar en voz da mesma.
- 3.- As súas actividades poderán ser de iniciativa propia ou en colaboración con organismos da Universidade de Vigo.



## **TÍTULO CUARTO: DA MOCIÓN DE CENSURA**

### **Artigo 22.-**

- 1.- A Asemblea pode esixir a responsabilidade a calquera membro do Consello Directivo ou da Asemblea mediante moción de censura presentada ante o Consello Directivo da Delegación. A moción de censura non poderá propoñerse ata transcorridos seis meses dende o nomeamento daquel órgano.
- 2.- O Consello Directivo convocará nun prazo máximo de 15 días lectivos unha Asemblea Extraordinaria, no cal o punto da Orde do Día será debater a moción de censura presentada.
- 3.- A moción de censura presentada deberá facerse apoiada, ao menos, por un cincuenta portento (50 %) dos membros da Asemblea.
- 4.- A votación da moción de censura proposta non poderá ter lugar antes dos dez días lectivos, nin máis tarde dos quince días lectivos seguintes á fecha da súa presentación.

### **Artigo 23.-**

- 1.- Aberta a sesión, o primeiro fírmante do escrito de moción, disporá dun prazo máximo de 30 minutos para expoñer razóns que a fundamentan.
- 2.- Transcorrido ese tempo o membro a quen se lle presentase a moción disporá dun prazo de idéntica duración para debater os fundamentos da moción de censura.
- 3.- A continuación abrirase un turno de intervencións cun prazo máximo dunha hora e media, distribuído polo Consello Directivo de acordo cos criterios establecidos neste Estatuto.
- 4.- En todo caso, ó finalizar o período sinalado no apartado anterior, o Presidente disporá dun turno de réplica cun tempo máximo de media hora.
- 5.- Concluído o debate, procederase a efectuar a votación da moción de censura, de maneira secreta e individual.

### **Artigo 24.-**

- 1.- A moción de censura requirirá para a súa aprobación o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Asemblea. Nesta votación admitirase o voto delegado, e o voto por correo.
- 2.- As mocions de censura serán instructivas, polo que xunto coa solicitude da mesma, deberá aportarse aquela ou aquelas persoas que pasarían a ostentar o cargo no caso de prosperar a moción de censura.

- 3.- A aprobación das moción de censura conleva á expulsión do censurado do cargo e o nomeamento do novo membro do Consello Directivo no caso de que este permanecese á mesma.
- 4.- O Presidente/a da Asemblea comunicará esta decisión no prazo de tres días lectivos seguintes da aprobación da moción ó órgano competente.
- 5.- O rechazo da moción de censura impide que poida presentarse outra contra as mesmas persoas ata o seguinte curso académico e, en todo caso, nunca antes de seis meses.

## **TÍTULO QUINTO: DA REFORMA DOS ESTATUTOS**

### **Artigo 25.-**

- 1.- A iniciativa para propoñer a reforma dos estatutos de Delegación de Alumnos corresponde á Asemblea.
- 2.- As propostas de reforma, dirixidas ó Presidente/a , deberán acompañarse do seu texto articulado e da argumentación na que se fundamenten.
- 3.- Recibida a proposta da reforma, o Consello Directivo a emitirá ós membros , acordando un prazo non inferior a dez días lectivos, nin superior a trinta, para que estes propoñan as emendas que estimen pertinentes. As emendas, debidamente clasificadas polo Consello Directivo, remitiranse de novo ós membros xunto coa convocatoria da Asemblea.
- 4.- Dende a data de presentación da proposta de reforma ata a da convocatoria da Asemblea, non poderá transcorrer un prazo superior a sesenta días lectivos.
- 5.- A aprobación da Asemblea das propostas da reforma dos estatutos require, en primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea ou dous tercios dos presentes, na segunda.
- 6.- Cando a proposta de modificación teña por obxecto adecuar os estatutos ás disposicións legais promulgadas con posterioridade a entrada en vixencia daquel, será suficiente para a súa aprobación o voto favorable da maioría dos presentes.
- 7.- Rechazada unha proposta de modificación que non sexa das previstas no apartado anterior non poderá reiterarse ata transcorridos seis meses.
- 8.- Con excepción das propostas contempladas no apartado seis deste artigo, non poderá presentarse ningunha outra modificación dos estatutos ata transcorrido seis meses dende a súa entrada en vixencia.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **PRIMEIRA**

Os aspectos non previstos no presente estatuto, serán regulados pola Asemblea de Delegación.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

Este Estatuto entrará en vixencia o día seguinte á súa aprobación pola Asemblea e condicionada a súa gratificación pola Xunta de Facultade de Bioloxía, previa revisión polos servicios de Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.